

Radio para loitar contra as inxustizas dende as aulas galegas

- Máis de trescentos adolescentes galegos gravarán programas de radio contra o machismo, os abusos ambientais ou o discurso de odio contra a migración e o colectivo LGTBIQ.
- No marco do proxecto Activistas polo mundo queremos, no que participan dende comezos de curso

Mércores 5 de marzo de 2025. Os máis de trescentos mozos e mozas que participan este ano no proxecto de educación en valores "[Activistas polo mundo queremos](#)", teñen unha cita tras o parón do entroido: realizarán varios programas de radio dende a súa aula para **loitar contra o machismo, os abusos ambientais ou o discurso de odio contra a migración e o colectivo LGTBIQ+**.

En obradoiros anteriores o alumnado da ESO do IES de O Barral en Ponteareas, IES Xulián Magariños de Negreira, IES Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras e IES Avelina Valladares da Estrada, aprenderon o que significa ser unha persoa activista tanto na Galiza coma noutras partes do mundo. Tamén reflexionaron sobre como as ferramentas comunicativas como a radio, pódennles axudar no seu activismo. Agora os mozos e mozas, como se fosen auténticos xornalistas, tras investigar e facer os guións das súas reportaxes, locutarán e gravarán en "falso directo" os seus propios programas de radio de denuncia e transformación social.

Esta será a 12ª edición de "[Activistas polo mundo queremos](#)". Un proxecto de educación para a cidadanía global que xa chegou a 76 centros educativos, 305 profesores e profesoras e 5.075 alumnos e alumnas dende o ano 2013.

[Activistas polo mundo queremos](#) forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e faise posible grazas a unión de tres ONGDs, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) co financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

Para máis información:

Eloi Fernández Ramos (Coordinación)

981 24 35 06/ 650 541 426/ sensibilizacion@solidaridadgalicia.org

Rocío Cadahía Fernández (Comunicación)

605 31 60 39/ omqq@agareso.org